



DATOS IDENTIFICATIVOS

A Convivencia nos Centros de Secundaria e o Traballo dende Departamento de Orientación

Materia	A Convivencia nos Centros de Secundaria e o Traballo dende Departamento de Orientación			
Código	P02M066V06253			
Titulación	Máster Universitario en Profesorado en Educación Secundaria Obligatoria, Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Idiomas. Especialidade (Pontevedra): Orientación			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	4	OB	1	2c
Lingua de impartición				
Departamento				
Coordinador/a	Gutierrez Manjón, Teresa de Jesús			
Profesorado	Gutierrez Manjón, Teresa de Jesús			
Correo-e	tgmanjon@uvigo.es			
Web				

Descrición xeral

A materia "A convivencia nos centros de secundaria e o traballo desde o departamento de orientación", está integrada no módulo específico do Máster Universitario para o Profesorado de Educación Secundaria Obligatoria, Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Idiomas.

O contido desta materia pretende ser unha ferramenta eficaz, práctica e operativa para o estudante "futuro docente" ó tratar de responder a retos trascendentes que se dan habitualmente nos centros educativos e nas propias aulas. Dada a complexidade da convivencia escolar é preciso dotar de recursos e asesorar aos docentes e ó demais persoal da comunidade educativa.

O incremento dos problemas de conduta nas aulas, a detección de situacións de acoso e o deterioro do clima educativo nos centros escolares promoveu, nos últimos anos, unha importante corrente de traballo para a mellora da convivencia nos centros escolares.

Trataremos de formar nos fundamentos teóricos, legais e nos plans de actuación para a mellora da convivencia e a aprendizaxe escolar de cada Comunidade e o coñecemento e formación para o desenvolvemento de propostas de intervención aplicadas a: a mellora de sistema disciplinario (coa formación de equipos de mediación e tratamento de conflitos), a xestión dos problemas da aula, a optimización do proceso de ensino-aprendizaxe (a través da Aprendizaxe Cooperativa) e a intervención individual (con actuacións específicas para situacións de acoso e victimización).

Pretendemos que esta aprendizaxe potencie unha actitude colaborativa no ámbito da convivencia. Trataremos de levar a cabo un enfoque preventivo e promotor dun clima escolar enriquecedor e estimulante que facilite a adquisición de competencias e habilidades e a educación en valores.

Esta asignatura pretende facilitar a reflexión e análise crítico sobre os procesos de interacción e convivencia na aula así como a aprendizaxe de técnicas e ferramentas de intervención psicosocial e titorial para o futuro docente.

Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código

B1	Coñecer os contidos curriculares das materias relativas á especialización docente correspondente.
B3	Planificar, desenvolver e avaliar o proceso de ensino e aprendizaxe potenciando procesos educativos que faciliten a adquisición das competencias propias dos respectivos ensinos, atendendo ao nivel e formación previa dos estudantes, así como á orientación dos mesmos, tanto individualmente como en colaboración con outros docentes e profesionais do centro.
B6	Deseñar e desenvolver metodoloxías didácticas tanto grupais como personalizadas, adaptadas á diversidade dos estudantes.

Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Coñecer as características dos estudantes, así como os procesos de interacción e comunicación na aula e no centro que permitan a identificación e reflexión crítica sobre as situacións conflitivas e a súa resolución.	B1 B3
Deseñar e desenvolver espazos de aprendizaxe favorecedores da convivencia escolar.	B1 B3
Coñecer e analizar diversos plans e proxectos relacionados coa convivencia escolar que forman parte do proxecto educativo de centro, participando na súa definición e desenvolvemento.	B1
Ser capaz de coñecer e aplicar metodoloxías e técnicas básicas de investigación e avaliación educativas.	B6
Adquirir e poñer en práctica diversas estratexias e habilidades que permitan una intervención axeitada para a resolución de conflitos de convivencia no contexto escolar: habilidades de pensamento e de decisión, habilidades sociais, dinámica de grupos, xestión democrática de normas, aprendizaxe cooperativo, mediación, negociación, educación emocional, educación en valores, etc.	B1
Adquirir experiencia na planificación, desenvolvemento e avaliación de programas para a mellora da convivencia escolar.	B3
Coñecer as características das familias e comprender a súa función educadora na adquisición de competencias e aprendizaxe para a resolución pacífica de situacións conflitivas.	B1 B3
Deseñar e realizar actividades formais que favorezan a aprendizaxe e as aportacións dos estudantes, nun bó clima escolar.	B3

Contidos

Tema	
1. Educación para a convivencia e a igualdade.	1.1 Base legal, planificación e protocolos de convivencia
2. Socialización e educación. A competencia emocional e social. O traballo cooperativo e a interacción social.	2.1 As relacións sociais no grupo clase, conduta prosocial e habilidades sociais. 2.2 Dinamización do grupo clase: Análisis, Técnicas e estratexias de dinamización grupal
3. Análise da convivencia e a resolución de conflitos	3.1 Problemas de adaptación e convivencia escolar: Marxinación, absentismo, rexeitamento, inadaptación, violencia e acoso escolar.
4. A orientación coa familia. A orientación con outros ámbitos e institucións.	4.1 O papel da familia en educación. Colaboración coas familias de Educación secundaria. 4.2 Relación con outros ámbitos e institucións: servizos de saúde, servizos sociais e servizos terapéuticos especializados.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	1	0	1
Presentación	2	4	6
Traballo tutelado	5	10	15
Lección maxistral	10	20	30
Foros de discusión	0	5	5
Seminario	2	0	2
Traballo	0	41	41

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

Descrición
Actividades introdutorias Actividades encamiñadas a tomar contacto e reunir información sobre o alumnado, así como a presentar a materia.

Presentación	Exposición por parte do alumnado ante o docente e/ou un grupo de estudantes dun tema sobre contidos da materia ou dos resultados dun traballo, exercicio, proxecto... Pódese levar a cabo de maneira individual ou en grupo.
Traballo tutelado	O estudante desenvolve exercicios ou proxectos na aula baixo as directrices e supervisión do profesor. Pode estar vinculado o seu desenvolvementos con actividades autónomas do estudante.
Lección maxistral	Exposición por parte do profesor dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices dun traballo, exercicio ou proxecto a desenvolver polo estudante.
Foros de discusión	Actividade desenvolvida nun medio virtual na que se debaten temas diversos relacionados co ámbito académico e/ou profesional.
Seminario	Actividade enfocada ao traballo sobre un tema específico, que permite afondar ou complementar os contidos da materia. Pódese empregar como complemento das clases teóricas

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballo tutelado	O estudante desenvolve exercicios ou proxectos na aula baixo as directrices e supervisión do profesor. O profesor indicará a temática do exercicio e fará o seguimento da realización do mesmo, a través das titorías, levadas a cabo a través de medios telemáticos, preferentemente (email, videoconferencia, foros de MOOVI).
Seminario	Actividade enfocada ao traballo sobre un tema específico, que permite afondar ou complementar os contidos da materia. Pódese empregar como complemento das clases teóricas. O profesorado da materia reunirse co estudante para asesoramento/desenvolvemento de actividades da materia e do proceso de aprendizaxe.
Probas	Descrición
Traballo	Exposición por parte do alumnado ante o/a docente e/ou un grupo de estudantes dun tema sobre contidos da materia ou dos resultados dun traballo, exercicio, proxecto... Pódese levar a cabo de maneira individual ou en grupo.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Presentación	Exposición por parte do alumnado ante o docente e/ou un grupo de estudantes dun tema sobre contidos da materia ou dos resultados dun traballo, exercicio, proxecto... Pódese levar a cabo de maneira individual ou en grupo.	10	
Traballo tutelado	O estudante desenvolve exercicios ou proxectos na aula baixo as directrices e supervisión do profesor. Pode estar vinculado o seu desenvolvementos con actividades autónomas do estudante.	40	
Foros de discusión	Actividade desenvolvida nun medio virtual na que se debaten temas diversos relacionados co ámbito académico e/ou profesional.	10	
Traballo	O estudante presenta o resultado obtido na elaboración dun documento sobre a temática da materia, na preparación de seminarios, investigacións, memorias, ensaios, resumos de lecturas, conferencias, etc. Pódese levar a cabo de maneira individual ou en grupo, de forma oral ou escrita	40	

Outros comentarios sobre a Avaliación

Avaliación continua:

- Para acadar unha avaliación continua positiva, dada a modalidade de ensino presencial do Master, esíxese a todo o alumnado unha asistencia presencial dun mínimo do 80% das sesións (admisible a Xustificación da falta do 20% das horas) ademais da realización e entrega de tarefas ponderables.

- Os prazos de entrega das actividades, traballos, etc. serán comunicados na clase no momento oportuno. É necesario respetalos estrictamente para ser cualificados na avaliación continua.

- Avaliación Global:

O alumnado que non obteña unha avaliación continua positiva sobre os parámetros expostos anteriormente, poderá presentarse a unha proba escrita (data marcada no calendario do mestrado para exames oficiais) sobre todos os contidos traballados. Esta proba estará avaliada en base á rigurosidade e profundización dos coñecementos e competencias

acadadas polos alumnos/as na materia e terá unha ponderación de 10 puntos (100% da nota final).

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

AINSCOW, M., **Hacia las escuelas eficaces para todos.**, 2001,

BISQUERRA, R., **Eucación emocional y bienestar.**, 2005,

OLWEUS, D., **Conductas de acoso y amenaza entre escolares.**, 1998,

RODRÍGUEZ, M., **Manejo de Conflictos**, 1985,

Bibliografía Complementaria

AGUADO, M.J., **Del acoso escolar a la cooperación en las aulas.**, 2006,

ALONSO TAPIA, J., **Motivar para el aprendizaje.**, 1997,

BEANE A., **Bullyng. Aulas libres de acoso.**, 2006,

BOQUÉ TORREMORELL, C., **Tiempo de mediación. Taller de formación de mediadores en el ámbito educativo.**, 2005,

CASAMAYOR, G. (COORD), **¿Cómo dar respuesta a los conflictos?. La disciplina en la enseñanza secundaria.**, 1998,

FERNANDEZ, I., **Prevención de la violencia y resolución de conflictos. E clima escolar como factor de calidad.**, 1998,

FRANCO, V., **La autoestima del profesorado.**, 2002,

GENTIL, C. Y LAA, V., **La astucia social.**, 2000,

GOTZENS, C., **La disciplina escolar.**, 1997,

MARTINEZ, M., TEY, A, (COORD), **La convivencia en los centros de secundaria. Estrategias para abordar el conflicto.**, 2003,

ORTEGA, R., DEL REY, R., **La violencia escolar. Estrategias de prevención.**, 2003,

Recomendacións